

Informe de actividades
do Consello Social
da Universidade de Vigo
no ano 2021



Consello Social
Universidade de Vigo

Índice

Introdución	3
a. Composición dos integrantes do Consello Social da Universidade de Vigo e carácter dos mesmos.....	5
a.1. Membros a 31 de decembro de 2021	5
a.2. Ceses e nomeamentos ao longo do ano	8
a.3. Representación noutros órganos	11
b. Estrutura do Consello Social e descrición das diferentes comisións	16
b.1. A Presidencia. Funcións	16
b.2. O Pleno. Competencias	17
b.3. A Secretaría	18
b.4. As comisións	19
b.5. A Comisión Executiva. Competencias	20
b.6. A Comisión Económica. Competencias	23
b.7. A Comisión de Actividades e Servizos. Competencias	25
c. Porcentaxe de asistencia ás reunións dos membros do Consello e táboas de evolución 2016-21.....	27
d. Descrición do cumprimento das actividades de supervisión atribuídas legalmente a este Consello Social	30
d.1. Por parte do Pleno	30
d.2. Por parte da Comisión executiva	36
d.3. Por parte da Comisión económica	37
d.4. Por parte da Comisión de actividades e Servizos	39
e. Evaluación do desempeño	41
e.1. Liñas xerais de actuación: estudantado, mecenado e acción social	42
e.2. Formulación práctica.....	43
e.3. Xanelas de datos universitarios	44
e.4. Prioridades de actuación	46
e.5. Accións destacadas a executar. Calendario	47
e.6. Iniciativas opcionais	48
Anexos	50
- Informe de auditoría de contas anuais 202q	
- Memorándum de recomendacións. Plan de control financeiro.	

Introdución

Un ano máis, un chanzo máis no esforzo por sermos socialmente máis responsables e máis transparentes.

A Universidade de Vigo está a facer un traballo sobranceiro en relación á transparencia, respondendo ao que se espera dunha universidade, e o está a facer con determinación, como guiada a conciencia pola reflexión que fai Vargas Llosa en “La llamada de la tribu”, onde afirma que “no mundo da educación é onde máis inxusto é o privilexio”.

Hai que dar a benvida a todos os esforzos que se fagan para que a sociedade coñeza a utilización dos recursos públicos, e é obriga das institucións esforzarse tamén para que os entendan. Nada hai tan poderosos como unha idea á que lle chega o seu momento, é o caso da responsabilidade social ou rendición de contas, fundamente asociada á calidade democrática.

As Nacións Unidas, no seu Informe sobre o desenvolvemento humano de 2011, asume este como “a expansión das capacidades das persoas para levar o tipo de vida que valoran e teñen razón para valorar”. A definición evoca un escenario individual e colectivo nos que o saber, a ciencia e a tecnoloxía resultan imprescindibles. E aí entra o papel da educación superior e das universidades, para o coñecemento pero tamén para inxectar valores saudables para a convivencia, para a igualdade, a solidariedade e a cooperación. E especialmente nestes tempos, nos que agromou máis ca nunca porque a pandemia puxo en primeira liña a ciencia e a investigación.

Na faísca de restricións que se viviron durante o ano 2021, a capacidade de reacción da Universidade de Vigo foi moi positiva. Garantiu o primeiro obxectivo prioritario: a seguridade. Cumpriu coa súa razón de existencia, apostando en que o ensino non se resentise, sabendo responder a todas as esixencias e demandas que os novos sistemas de aprendizaxe permiten e requiren. Mostrou a súa potencia de resposta e preparación ante todas as medidas que foron necesarias. E non deixou de amosarse e abrir as fiestras, ata situarse hoxe na vangarda da transparencia entre as universidades españolas.

E este é o mellor camiño para acadar a confianza nas institucións de relevancia pública como é a Universidade de Vigo, con accións de transparencia e información. Porque a transparencia permite a toda a cidadanía coñecer e supervisar o uso de recursos públicos e estimular ás administracións a funcionar de modo máis eficiente.

A universidade ten que render contas á sociedade, tanto interna como externamente e sendo o Consello Social o órgano de participación da sociedade na universidade, a nosa colaboración é imprescindible para facilitar a interrelación entre a sociedade e a universidade.

a. Composición dos integrantes do Consello Social da Universidade de Vigo e carácter dos mesmos

De acordo coa Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, o Consello Social aumenta en tres membros con respecto á Lei anterior, de 2003, e queda integrado por un máximo de trinta e unha persoas membros, 25 deles representan aos intereses sociais e son elixidos polo Parlamento de Galicia, a Xunta de Galicia, os sindicatos, as organizacións empresariais, os tres concellos nos que radican os Campus (Vigo, Ourense e Pontevedra), a Asociación de Antigos Alumnos e polos Colexios Profesionais vinculados coa oferta da Universidade. Os seis restantes son designados pola Comunidade Universitaria.

a.1. Membros a 31 de decembro de 2021

PRESIDENTE: Ernesto Pedrosa Silva

Nomeado polo Decreto 180/2011, do 1 de setembro (DOG 22 de setembro de 2011), sendo presidente da Xunta de Galicia Alberto Núñez Feijóo.

VICEPRESIDENTE: Daniel Barata Quintas

Vocal designado pola Xunta de Galicia. Nomeado vicepresidente en sesión plenaria de 8 de novembro de 2013.

VOCAIS EN
REPRESENTACIÓN
DA UNIVERSIDADE
DE VIGO:

Vocais natos:

- Manuel Joaquín Reigosa Roger
Reitor da Universidade
- Miguel Ángel Michinel Álvarez
Secretario Xeral da Universidade
- Raquel María Souto García
Xerente da Universidade

**Vocais en representación da Comunidade
Universitaria:**

- José María Martín Moreno
En representación dos profesores
- Xoán Cebro Rodríguez
*En representación do Persoal de Administración e
Servizos (PAS)*
- Daniel Couto Cancela, ata o 22.12.2021, data de
nomeamento do novo representante don Antonio
Manuel Ramos Vázquez
En representación do estudiantado

VOCAIS EN
REPRESENTACIÓN
DOS INTERESES
SOCIAIS DE GALICIA:

Vocais designados polo Parlamento de Galicia:

- Xosé Manuel Atanes Limia
- Xulio Calviño Rodríguez
- María de los Ángeles García Míguez
- Jesús Graña Nogueiras
- María Elvira Larriba Leira
- Yolanda López Fernández

Vocais designados pola Xunta de Galicia:

- María Teresa Cendón Alonso
- Silvia Crespo Tobío
- Francisco Gustavo Izquierdo Martínez
- Antonio Martiño Gómez
- Ana María Ortiz Álvarez
- Gerardo Ramón Pérez Puga

Vocais designados polos sindicatos:

- María Elena Añel Cabanelas (CIG)
- Emilio Fernández Zunzunegui (CCOO)
- Don Juan José Santamaría Conde (UXT)

Vocais designados polas organizacións empresariais:

- César Blanco Gómez
(Confederación de Empresarios Pontevedra)
- María Sol Novoa Rodríguez
(Confederación de Empresarios Ourense)
- Rosa María Sánchez Gándara
(Confederación de Empresarios (Ourense))
- Juan Manuel Vieites Baptista de Sousa
(Confederación de Empresarios Pontevedra)

Vocais designados polas corporacións locais dos Concellos dos Campus:

- María Gloria Blanco Rial (Pontevedra)
- Mercedes Castro Mouzo (Vigo)
- Armando Ojea Bouzo (Ourense)

Vocal designado pola Asociación de Antigos Alumnos

- José María Franco García

Vocal designado polos colexios profesionais

- Antonio Macho Senra

SECRETARIO TÉCNICO: Ignacio Rodríguez Iglesias

a.2. Ceses e nomeamentos ao longo do ano 2020

CESES

Vocais en representación do Consello de Goberno da UVigo:

Daniel Couto Cancela (estudante)

Causou baixa o 22 de decembro de 2021.

Fóra nomeado no DOG do 22 de novembro de 2019

Vocais en representación do Parlamento de Galicia:

Francisco Javier Casares Mouriño

Causou baixa o 25 de xuño de 2021.

Fóra nomeado no DOG do 30 de marzo de 2016

Natalia Zunzunegui Garrido

Causou baixa o 25 de xuño de 2021.

Fóra nomeada no DOG do 27 de setembro de 2012

Vocais en representación da Xunta de Galicia:

Daniel Barata Quintas

Causou baixa o 25 de xuño de 2021.

Fóra nomeado no DOG do 27 de setembro de 2012

José Manuel Figueroa Vila

Causou baixa o 25 de xuño de 2021.

Fóra nomeado no DOG do 27 de setembro de 2012

Marta Iglesias Bueno

Causou baixa o 25 de xuño de 2021.

Fóra nomeada no DOG do 27 de setembro de 2012

Ana Isabel Vázquez Reboredo

Causou baixa o 25 de xuño de 2021.

Fóra nomeada no DOG do 27 de setembro de 2012

Vocais en representación das Organizacións empresariais:

Javier Garrido Valenzuela (CEP)

Causou baixa o 25 de xuño de 2021.

Fóra nomeado no DOG do 27 de setembro de 2012

Juan Manuel Piñeiro Rivas (CEO)

Causou baixa o 25 de xuño de 2021.

Fóra nomeado no DOG do 9 de decembro de 2013

NOMEAMENTOS

Vocais en representación do Consello de Goberno da UVigo:

Antonio Manuel Ramos Vázquez (estudante)

Nomeado no DOG do 22 de decembro de 2021

Vocais en representación do Parlamento de Galicia:

María de los Ángeles García Míguez

Nomeada no DOG do 25 de xuño de 2021

Vocais en representación da Xunta de Galicia:

María Teresa Cendón Alonso

Nomeada no DOG do 25 de xuño de 2021

Silvia Crespo Tobío

Nomeada no DOG do 25 de xuño de 2021

Antonio Martiño Gómez

Nomeado no DOG do 25 de xuño de 2021

Ana María Ortiz Álvarez

Nomeada no DOG do 25 de xuño de 2021

Gerardo Ramón Pérez Puga

Nomeado no DOG do 25 de xuño de 2021

Vocais en representación das Organizacións empresariais:

María Sol Novoa Rodríguez (CEO)

Nomeada no DOG do 25 de xuño de 2021

Vocais en representación das corporacións locais dos concellos dos campus:

Armando Ojea Bouzo (Concello de Ourense)

Nomeado no DOG do 25 de xuño de 2021

a.3. Representación noutros órganos

O Consello Social ten representación específica, atendendo á lexislación e á normativa específica, nos seguintes órganos:

CONSELLO GALEGO DE UNIVERSIDADES

En virtude do *artigo 12 da Lei 5/1987, do 27 de maio, do Consello Social da Universidade e o Consello universitario de Galicia (DOG nº 103, do 2 de xuño)* os presidentes dos Consellos Sociais das Universidades galegas pertencen ao Consello Universitario de Galicia.

En virtude da *Lei 2/2003, do 22 de maio*, o Consello Universitario de Galicia pasa a chamarse Consello Galego de Universidades.

Representante no Consello:

Ernesto Pedrosa Silva

AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA (ACSUG)

Na resolución do 12 de marzo de 2001 da Dirección Xeral de Universidades, pola que se publica o convenio de colaboración asinado o día 30 de xaneiro de 2001 entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Secretaría Xeral de Investigación e Desenvolvemento, e as Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo créase o Consorcio Axencia para a Calidade do Sistema universitario de Galicia (ACSUG).

Na cláusula quinta desta resolución apróbanse os estatutos do Consorcio Axencia para a Calidade do Sistema universitario de Galicia (ACSUG). En virtude dos artigos 14 e 21 destes estatutos os presidentes dos Consellos Sociais das Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo forman parte do Consello de Dirección do devandito consorcio, e un representante do Consello Social de cada universidade consorciada formará parte do Consello Técnico da

Axencia para a Calidade do Sistema universitario de Galicia. Actualmente a representación do Consello Social da Universidade de Vigo é asumida no Consorcio polo presidente, **Ernesto Pedrosa Silva**, e no Consello técnico polo secretario, **Ignacio Rodríguez Iglesias**.

CONSELLO DE GOBERNO UNIVERSIDADE DE VIGO

No Pleno do 23 de setembro de 2021 foron elixidos os representantes do Consello Social no Consello de Goberno da Universidade. A 31 de decembro de 2021 son os seguintes:

- **Ernesto Pedrosa Silva**
- **César Blanco Gómez**
- **Xulio Calviño Rodríguez**

COMISIÓNS DO CONSELLO DE GOBERNO

Posteriormente á designación comunicóuselle aos representantes no Consello de Goberno a adscrición ás comisións específicas, quedando do seguinte xeito:

Comisión de Investigación
Xulio Calviño Rodríguez

Comisión de Planificación e asuntos económicos
Xulio Calviño Rodríguez

Comisión de Extensión universitaria e estudantes
Ernesto Pedrosa Silva

Comisión de Organización Académica e Profesorado
César Blanco Gómez

COMISIÓN DE TRANSFERENCIA
E RELACIÓNS COA SOCIEDADE DA
CONFERENCIA DE CONSELLOS
SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES
ESPAÑOLAS (CCSU)

A comisión aborda todos os asuntos que en materia de relacións coa sociedade compete aos Consellos Sociais das Universidades Españolas.

Representantes na Comisión:

**Ernesto Pedrosa Silva e
Ignacio Rodríguez Iglesias**

COMISIÓN ACADÉMICA DA CONFERENCIA
DE CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES
ESPAÑOLAS (CCSU)

A comisión aborda todos os asuntos que en materia académica compete aos Consellos Sociais das Universidades Españolas.

Representantes na Comisión:

**Ernesto Pedrosa Silva e
Ignacio Rodríguez Iglesias**

COMISIÓN ECONÓMICA DA
CONFERENCIA DE CONSELLOS
SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES
ESPAÑOLAS (CCSU)

Esta comisión é a encargada de informar e propoñer asuntos de materia económica ao Comité Executivo e á Asemblea Xeral. Así mesmo aborda todos os asuntos que en materia económica compete aos Consellos Sociais das Universidades Españolas.

Representantes na Comisión:

**Ernesto Pedrosa Silva e
Ignacio Rodríguez Iglesias**

FUNDACIÓN
UNIVERSIDADE
DE VIGO

A representación do Consello Social na Fundación Universidade de Vigo reflíctese no órgano de máis alta xerarquía da Fundación que é o Padroado da FUVI, que lle corresponde ao presidente do Consello Social como padroeiro nato.

Representante no Padroado: **Ernesto Pedrosa Silva**

CIDADE
UNIVERSITARIA

A representación do Consello Social en Cidade Universitaria S.A. (CUSA) reflíctese no seu Consello de Administración e na Xunta Xeral de Accionistas.

Representante no Consello de Administración e na Xunta Xeral de Accionistas: **Ernesto Pedrosa Silva**

MESA DE CONTRATACIÓN
DA UNIVERSIDADE DE VIGO

Por acordo do Pleno reunido con data 23 de setembro de 2021 e consonte resolución do Consello Social do 29.09.2021, désígnase un membro permanente na Mesa de Contratación da Universidade de Vigo, en representación do Consello Social.

Representante: **Jesús Graña Nogueiras**

COMISIÓN DE IGUALDADE
DA UNIVERSIDADE DE VIGO

Por acordo do Pleno reunido con data 23 de setembro de 2021, désígnase a **Mercedes Castro Mouzo** como representante do Consello Social na Comisión de Igualdade da Universidade de Vigo.

COMISIÓN DE SEGUIMIENTO
DO PLAN ESTRATÉXICO DA
UNIVERSIDADE DE VIGO

No Consello de Goberno celebrado o 12 de marzo de 2021 acórdase o representante do Consello Social na comisión de seguimento do Plan Estratéxico da UVigo:

Representante: **Jesús Graña Nogueiras**

COMISIÓN REITORA DE
CENTROS DE INVESTIGACIÓN

Constituída o 24 de marzo de 2020 segundo o artigo 15 da normativa de Grupos, agrupacións e centros de investigación da Universidade de Vigo (Consello de Goberno 26.06.2019).

Representante na Comisión: **Ernesto Pedrosa Silva**

GRUPO DE TRABALLO DO
PLAN GALEGO DE FINANCIAMENTO
UNIVERSITARIO 2022/2026

Reuniuse en 8 ocasións entre febreiro e setembro de 2021.

Representante: **Ernesto Pedrosa Silva**

CONSELLO ASESOR DA FEDERACIÓN
ALUMNI ESPAÑA

Dende xuño de 2021.

Representante: **Ernesto Pedrosa Silva**

b. Estrutura do Consello Social e descrición das diferentes comisións

O Consello Social da Universidade de Vigo está composto por 31 membros. Deles, a maiores da **Presidencia**, 22 conselleiros actúan en representación dos intereses sociais e outros 8 o son como delegación da comunidade universitaria. O conxunto de todos os vogais conforma o **Pleno** que é o principal órgano colexiado do Consello.

Outros órganos colexiados son as Comisións. O Consello conta con tres comisións permanentes para desenvolver os labores que ten encomendados: a **Executiva**, a **Económica** e a de **Actividades e servizo**.

O Consello Social dispón tamén dunha **Secretaría** que conta con medios materiais e persoais para cumprir os seus obxectivos.

b.1. A Presidencia

A Presidencia é a responsable de representar, dirixir, facer a planificación xeral da actividade do Consello Social e exercer calquera outra atribución que se lle encomende legal ou regulamentariamente.

Algunhas das funcións da presidencia son:

- Convocar, establecer a orde do día e dirixir as sesións do Consello Social.
- Informar e dar a coñecer as actividades do Consello Social que considere oportunas, sen prexuízo do que dispoñen as normas aplicables á publicación e á notificación oficiais dos acordos do Consello Social. O presidente ou presidenta será o único que poderá facer declaracións públicas en nome do Consello Social da Universidade de Vigo. Pode autorizar algún ou algúns vogais para intervencións concretas ou particulares.
- Velar polo cumprimento, por parte dos vogais do Consello Social, dos deberes que lles corresponden, segundo a lei e o presente regulamento, así como protexer e defender os dereitos que lles corresponden como tales.
- Autorizar os gastos da partida orzamentaria propia do Consello Social, de conformidade co procedemento establecido.

b.2. O Pleno. Competencias

- Aprobar o orzamento anual e a programación plurianual da universidade, e coñecer as contas das entidades públicas ou privadas dependentes dela.
- Aprobar as contas anuais da universidade e das sociedades nas que teña presenza maioritaria, podendo encargar a realización de auditorías externas.
- Aprobar con carácter previo á súa rendición perante o órgano de fiscalización da Comunidade Autónoma, as contas anuais da universidade e das entidades dependentes dela, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, podendo acordar de xeito motivado a realización de auditorías externas.
- No caso de liquidación do orzamento con remanente de tesouraría negativo, proceder á redución do gasto no novo orzamento por contía igual ao déficit producido, nos termos establecidos pola lexislación estatal vixente.
- Aprobar a creación, a modificación substancial ou a extinción das sociedades, fundacións ou outras entidades en cuxo capital ou fondo patrimonial teña participación a universidade, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, así como a súa integración nestas.
- Aprobar a disposición sobre bens inmobles e mobles da universidade e a desafectación dos seus bens de dominio público.
- Emitir informe sobre o cadro de persoal e a relación de postos de traballo do persoal docente e investigador e do persoal de administración e servizos da universidade, con especificación da totalidade dos seus custos, das súas modificacións e dos gastos que supoñen, así como emitir informe sobre os convenios colectivos do persoal contratado, con carácter previo á súa formalización.
- Supervisar o rendemento e a calidade dos servizos universitarios.
- Promover a colaboración da sociedade no financiamento do ensino e da investigación da universidade e a captación de recursos económicos externos.
- Estimular a actividade investigadora da universidade, especialmente no relativo á súa vinculación cos sectores produtivos, apoiando os proxectos de I+D+i compartidos entre universidade, empresas e tecido social, así como as políticas de transferencia e difusión dos resultados obtidos nas investigacións universitarias.
- Aprobar, por proposta do Consello de goberno, a aceptación pola universidade de herdanzas, doazóns ou legados.
- Impulsar actuacións que propicien un maior achegamento dos estudantes ás demandas do mercado laboral.

- Favorecer as actividades orientadas a completar a formación integral dos estudantes e aprobar as normas que regulen o progreso e permanencia dos alumnos na universidade.
- Favorecer as actividades orientadas a completar a formación científica, cultural e humanística dos universitarios e das universitarias, apoiando as súas manifestacións no seo da universidade e asegurando a súa extensión ao conxunto da sociedade galega.
- Aprobar as normas que regulen o progreso e a permanencia na universidade dos e das estudantes de acordo coas características dos respectivos estudos.
- Supervisar que a política de bolsas, axudas, exencións e créditos ao estudo e á investigación que outorgue a universidade con cargo aos seus orzamentos ordinarios se desenvolva conforme aos principios de publicidade, mérito e capacidade.
- Propoñer á Xunta de Galicia a creación, implantación ou supresión de facultades, escolas técnicas superiores e escolas universitarias.
 - Emitir informe, con carácter previo á súa proposta á Xunta de Galicia, sobre os acordos do Consello de goberno relativos á implantación e á supresión de ensinanzas conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, así como á creación, á modificación e á supresión de centros, institutos universitarios de investigación ou calquera outra figura que adopten.
 - Fixar os prezos das ensinanzas propias, dos cursos de especialización e os referentes ás demais actividades autorizadas pola universidade.
 - Realizar estudos sobre a adecuación da oferta de titulacións e dos plans de estudo sobre o rendemento académico do alumnado e sobre a inserción laboral dos titulados.

b.3. A Secretaría

Á Secretaría do Consello correspóndelle:

- Dirixir as dependencias administrativas e do seu persoal adscrito.
- Xestionar a partida orzamentaria, baixo a supervisión da presidencia.
- Organizar o rexistro e o arquivo, así como a custodia dos libros de actas e documentos.
- Elaborar ou presentar os estudos e os informes que a Presidencia lle requira ou encargue.

- Programar as reunións do Consello e tramitar as convocatorias e as notificacións que corresponda.
- Preparar o proxecto da memoria de actividades.
- Redactar a acta das reunións e actuar como fedatario das actas e dos seus acordos.
- Proporcionarlles aos membros as informacións que lle soliciten.

b.4. As Comisións

As Comisións delegadas, atenden e debaten de xeito pormenorizado os ámbitos máis relevantes do Consello Social, para elaborar análises e informes previos e para elevar acordos ou propostas debatidas ao Pleno.

Competencias e funcionamento.

Como criterio xeral acordouse aplicar o establecido polo Regulamento vixente ao respecto:

- O Consello Social contará coas seguintes comisións: Comisión executiva, comisións permanentes e comisións temporais.
- As comisións do Consello Social consistirán en estudar, deliberar e remitirle ditames ou propostas ao Pleno, así como na adopción de acordos sobre os asuntos cuxa competencia lle atribúese e delegase o Pleno, ao cal, en todo caso lle dará conta.
- Son comisións permanentes do Consello Social a comisión económica e a comisión de actividades e servizos. Correspóndelles ás comisións permanentes o exercicio de todas as funcións específicas que o Pleno lles encargue ou autorice.

As comisións do Consello Social reuniranse sempre que a presidencia as convoque. As regras que se establecen neste regulamento sobre convocatoria, orde do día, constitución, desenvolvemento da sesión, votacións e actas dos plenos aplicaranse ás reunións das comisións nas que proceda.

O Consello Social conta coas seguintes comisións:

- **Comisión Executiva.**
- **Comisión Económica**
- **Comisión de actividades e servizos**

b.5. A Comisión Executiva

Integrada por:

- A Presidencia do Consello Social, que será quen a dirixa.
- O reitor ou reitora da Universidade de Vigo.
- Cinco vogais do Consello Social designados polo Pleno e propostos pola Presidencia.
- A Secretaría do Consello Social, que o será da comisión.

Correspóndelle á Comisión Executiva a dirección ordinaria do Consello Social e o exercicio de todas as funcións específicas que lle encargue o Pleno ou que se prevexan neste regulamento.

A día 31 de decembro de 2021, a composición era a seguinte:

Presidente:	Ernesto Pedrosa Silva	Presidente do Consello Social
Vocais:	Manuel Joaquín Reigosa Roger	Reitor da UVigo
	Xulio Calviño Rodríguez	Intereses Sociais - Vigo
	Francisco Gustavo Izquierdo	Intereses Sociais - Vigo
	María Elvira Larriba Leira	Intereses Sociais - Vigo
	María Gloria Blanco Rial	Intereses Sociais - Pontevedra
	María Sol Novoa Rodríguez	Intereses Sociais - Ourense
Secretario:	Ignacio Rodríguez Iglesias	

b.5.1. Competencias:

No ámbito da súa propia organización e funcionamento:

- Elaborar o regulamento de organización e funcionamento do Consello Social, así como as súas modificacións, e elevarlo á consellaría competente en materia de universidades para a súa aprobación.
- Propoñer o cesamento dalgún dos membros do Consello Social á autoridade, entidade ou institución que o designou, logo de declaración da súa situación de incompatibilidade ou de incumprimento grave ou reiterado das súas obrigas.
- Informar á Xunta de Galicia sobre o réxime de retribucións ou indemnizacións dos membros do Consello Social, consonte o disposto na normativa vixente.

No ámbito da relación entre a universidade e a sociedade:

- Aprobar un plan anual de actuacións destinado a promover as relacións entre a universidade e o seu ámbito cultural, profesional, económico e social ao servizo da calidade da actividade universitaria.
- Aprobar, con carácter anual, unha memoria das actividades do Consello Social, que remitirá ao Parlamento de Galicia e á consellaría competente en materia de universidades.
- Outorgar, se é o caso, axudas, premios, distincións e recoñecementos no ámbito das súas funcións.

No ámbito económico, financeiro e patrimonial:

- Fixar os prezos das ensinanzas propias, dos cursos de especialización e os referentes ás demais actividades autorizadas polas universidades, así como emitir informe en materia de prezos públicos dos estudos universitarios oficiais, dentro dos límites que establece a Conferencia Xeral de Política Universitaria.
- Emitir informe sobre a creación ou a adscrición de colexios maiores e residencias universitarias.

No ámbito da supervisión de actividades universitarias:

- Supervisar o rendemento e a calidade dos servizos universitarios, formulando, se é o caso, suxestións e propostas ao Consello de Goberno da universidade, orientadas a promover a excelencia do ensino, da investigación, da xestión e dos servizos.
- Solicitar das administracións públicas, oído o Consello de Goberno, a realización de informes e inspeccións dos servizos que presta a universidade, especialmente os de ensino, investigación, xestión e servizos.
- Acordar, co reitor ou coa reitora, nos termos previstos na lexislación orgánica de universidades, o nomeamento e o cesamento da persoa titular da xerencia.
- Emitir informe, con carácter previo á súa proposta á Xunta de Galicia, sobre os acordos do Consello de Goberno relativos á implantación e á supresión de ensinanzas conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, así como á creación, á modificación e á supresión de centros, institutos universitarios de investigación ou calquera outra figura que adopten.
- Emitir informe, con carácter previo á súa proposta á Xunta de Galicia, sobre os acordos do Consello de Goberno relativos á adscrición ou á desadscrición á universidade de centros docentes, de titularidade pública ou privada, para impartir ensinanzas conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, mediante a aprobación do

correspondente convenio, así como á adscrición ou á desadscrición de institutos ou centros universitarios de investigación de institucións ou centros de investigación de carácter público ou privado.

- Propoñer a creación e a supresión de centros dependentes da universidade sitos no estranxeiro que impartan ensinanzas conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.
- Aprobar as normas que regulen o progreso e a permanencia na universidade dos e das estudantes de acordo coas características dos respectivos estudos.
- Designar de entre os seus membros pertencentes á representación social as persoas representantes do consello social nas entidades e institucións que corresponda e, en particular, as persoas representantes no Consello de Goberno da universidade, nos termos establecidos na Lei orgánica de universidades.

b.6. A Comisión Económica

Integrada por:

- A presidencia do Consello Social, que será quen a presida, ou a persoa en quen delegue.
- A persoa responsable da vicerreitoría competente na área económica, no caso de ser membro do Consello Social. De non ser así designarase outro membro no seu lugar.
- A persoa responsable da Xerencia da Universidade de Vigo.
- Catro vogais do Consello Social designados polo Pleno e propostos pola Presidencia.
- O responsable da Secretaría do Consello Social, que o será da comisión.

A día 31 de decembro de 2021, a composición era a seguinte:

Presidente:	Juan M. Vieites Baptista de Sousa	Intereses Sociais - Vigo
Vocais:	Raquel María Souto García	Xerente da UVigo
	José María Martín Moreno	Vicerreitor Economía UVigo
	Rosa María Sánchez Gándara	Intereses Sociais - Ourense
	Jesús Graña Nogueiras	Intereses Sociais - Vigo
	Antonio Macho Senra	Intereses Sociais - Vigo
	Emilio Fernández Zunzunegui	Intereses Sociais - Vigo
Secretario:	Ignacio Rodríguez Iglesias	

b.6.1. Competencias:

No ámbito económico, financeiro e patrimonial:

- Supervisar as actividades de carácter económico da universidade.
- Aprobar, por proposta do Consello de Goberno, a programación plurianual da universidade, así como realizar o seu seguimento.
- Aprobar, por proposta do Consello de Goberno, o orzamento da universidade e coñecer as contas das entidades públicas ou privadas dependentes dela. Os órganos responsables da execución do orzamento deberán informar o consello social do estado de execución nas condicións que determine o seu regulamento de organización e funcionamento.

- Aprobar, con carácter previo á súa rendición perante o órgano de fiscalización da Comunidade Autónoma, as contas anuais da universidade e das entidades dependentes dela, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, podendo acordar de xeito motivado a realización de auditorías externas.
- No caso de liquidación do orzamento con remanente de tesouraría negativo, proceder á redución do gasto no novo orzamento por contía igual ao déficit producido, nos termos establecidos pola lexislación estatal.
- Aprobar, con carácter previo á súa remisión á Xunta de Galicia para a súa autorización, as propostas de operacións de endebedamento.
- Emitir informe sobre o cadro de persoal e a relación de postos de traballo do persoal docente e investigador e do persoal de administración e servizos da universidade, con especificación da totalidade dos seus custos, das súas modificacións e dos gastos que supoñen, así como emitir informe sobre os convenios colectivos do persoal contratado, con carácter previo á súa formalización.
- Acordar, por proposta do Consello de Goberno da universidade, e dentro dos límites fixados pola Xunta de Galicia, a asignación singular e individual de complementos retributivos adicionais, ligados a méritos docentes, investigadores e de xestión, aos membros do persoal docente e investigador da universidade, logo de valoración dos méritos pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.
- Ser informado dos contratos ou convenios en que a universidade sexa parte e daqueles que se subscriban ao abeiro do artigo 83 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.
- Aprobar, por proposta do Consello de Goberno, os regulamentos internos que regulan a xestión contractual e patrimonial da universidade e aprobar, con carácter previo á súa realización, os actos de disposición sobre bens inmobles e mobles de extraordinario valor da universidade e a desafectación dos seus bens de dominio público. Para tal efecto, as universidades contarán cun inventario, que deberán remitir ao consello social de acordo co que se estipule no seu regulamento de réxime interno.
- Aprobar, a proposta do Consello de Goberno, aceptar pola universidade herdanzas, doazóns ou legados.
- Aprobar a creación, a modificación substancial ou a extinción das sociedades, fundacións ou outras entidades en cuxo capital ou fondo patrimonial teña participación a universidade, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, así como a súa integración nestas.
- Velar para que, con carácter previo á aprobación das contas anuais da universidade, se faga a auditoría correspondente, sen prexuízo das competencias da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.

b.7. A Comisión de Actividades e Servizos

Integrada por:

- O presidente ou presidenta do Consello Social, ou a persoa en quen delegue, que será quen a presida.
- A persoa responsable da Secretaría Xeral da Universidade de Vigo.
- Seis vogais do Consello Social designados polo Pleno e propostos pola Presidencia.
- O responsable da Secretaría do Consello Social, que o será da comisión.

A día 31 de decembro de 2021, a composición era a seguinte:

Presidente:	Ernesto Pedrosa Silva	Presidente do Consello Social
Vocais:	Miguel Ángel Michinel Álvarez	Secretario Xeral da UVigo
	María Teresa Cendón Alonso	Intereses Sociais – Vigo
	Mercedes Castro Mouzo	Intereses Sociais – Vigo
	José María Franco García	Intereses Sociais – Vigo
	Yolanda López Fernández	Intereses Sociais - Ourense
	César Blanco Gómez	Intereses Sociais - Ourense
Secretario:	Ignacio Rodríguez Iglesias	

b.7.1. Competencias:

No ámbito da relación entre a universidade e a sociedade:

- Fomentar a colaboración da sociedade no financiamento do ensino e da investigación na universidade, contribuíndo á captación de recursos económicos externos e ao mecenado á universidade por parte de persoas físicas e entidades.
- Realizar estudos sobre materias da súa competencia e, en particular, sobre a adecuación da oferta de titulacións e do contido dos plans de estudo da universidade ás necesidades sociais, sobre o rendemento académico do alumnado e a inserción laboral das persoas tituladas universitarias, sobre a investigación desenvolvida na universidade e a transferencia á sociedade dos resultados desta e mais sobre calquera outra cuestión proposta pola consellaría competente en materia de universidades, de acordo coas funcións propias deste órgano.

- Impulsar aquelas actuacións que permitan un maior achegamento do estudiantado universitario ás demandas do mercado laboral, e, en especial, a sinatura de convenios entre a universidade e outras entidades, públicas e privadas, orientadas a completar a formación do alumnado e dos titulados e das tituladas da universidade e mais a facilitar o seu acceso ao mundo empresarial.
- Estimular a actividade investigadora da universidade, especialmente na súa vinculación cos sectores produtivos, apoiando os proxectos de I+D+i compartidos entre universidade, empresas e tecido social, así como as políticas de transferencia e difusión dos resultados obtidos nas investigacións universitarias.
- Favorecer as actividades orientadas a completar a formación científica, cultural e humanística dos universitarios e das universitarias, apoiando as súas manifestacións no seo da universidade e asegurando a súa extensión ao conxunto da sociedade galega.

No ámbito da supervisión de actividades universitarias:

- Supervisar que a política de bolsas, axudas, exencións e créditos ao estudo e á investigación que outorgue a universidade con cargo aos seus orzamentos ordinarios se desenvolva conforme os principios de publicidade, mérito e capacidade.

c. Porcentaxe de asistencia ás reunións dos membros do Consello

Reunións, datas das convocatorias e asistencias

PLENO (31 MEMBROS)

Data	Participantes	%
24.03.2021 (*)	24	77
03.06.2021 (*)	26	84
29.06.2021 (*)	23	74
29.07.2021	22	71
23.09.2021	28	90
03.11.2021	24	77
28.12.2021	25	81

Membros asistentes a todos os Plenos

Ernesto Pedrosa Silva
 Manuel Joaquín Reigosa Roger
 Raquel María Souto García
 José María Martín Moreno
 Mercedes Castro Mouzo
 María Teresa Cendón Alonso
 Jesús Graña Nogueiras
 Marta Iglesias Bueno
 María Elvira Larriba Leira
 Antonio Martiño Gómez
 Ana María Ortiz Álvarez
 Juan Manuel Piñeiro Rivas
 Ana Isabel Vázquez Reboredo
 Natalia Zunzunegui Garrido

(*) Asistiron de xeito telemático

COMPARATIVA 2016-2021 DAS REUNIÓN E ACORDOS DO PLENO

	2016	2017	2018	2019	2020	2021
Reunións	5	6	6	7	7	7
Puntos	94	97	82	107	107	117

COMISIÓN EXECUTIVA (7 MEMBROS)

Data	Asistentes	%
19.05.2021	5	71

COMPARATIVA 2016-2021 DAS REUNIÓNS E ACORDOS DA **COMISIÓN EXECUTIVA**

	2016	2017	2018	2019	2020	2021
Reunións	4	3	4	3	2	1
Puntos	39	32	43	32	19	18

COMISIÓN ECONÓMICA (7 MEMBROS)

Data	Asistentes	%
25.02.2021	7	100
23.06.2021	7	100
20.12.2021	7	100

COMPARATIVA 2016-2021 DAS REUNIÓNS E ACORDOS DA **COMISIÓN ECONÓMICA**

	2016	2017	2018	2019	2020	2021
Reunións	3	4	3	3	3	3
Puntos	26	33	31	28	41	39

COMISIÓN DE ACTIVIDADES E SERVIZOS (7 MEMBROS)

Data	Asistentes	%
19.02.2021	6 de 7	86
30.04.2021	6 de 7	86
04.10.2021	8 de 8	100

COMPARATIVA 2016-2021 DAS REUNIÓNS E ACORDOS
DA **COMISIÓN DE ACTIVIDADES E SERVIZOS**

	2016	2017	2018	2019	2020	2021
Reunións	7	6	6	6	4	3
Puntos	68	66	60	61	43	31

d. Cumprimento das actividades de supervisión atribuídas legalmente a este Consello Social

Responsabilizándose das competencias que lle corresponden e obrigan ao Consello, este, no exercicio de 2021, desenvolveu unha serie de actividades de supervisión, que detallamos a seguir.

d.1. Por parte do Pleno:

Durante o ano 2021 o Consello Social reuniuse en sete ocasións. As tres primeiras xuntanzas efectuáronse de xeito virtual debido á pandemia da Covid-19. As catro restantes celebráronse de xeito presencial en Vigo.

PLENO DO 24 DE MARZO:

- Aprobar a participación da Universidade de Vigo na Asociación Cluster Biomasa Galicia.
- Informar favorablemente a liquidación do orzamento provisional da Universidade de Vigo correspondente a 2020.
- Aprobar a incorporación de remanentes.
- Aprobación definitiva da creación da spin-off Unmanned Galicia, S.L., e da participación da Universidade de Vigo no seu capital social.
- Aprobar a asignación singular e individual de complementos a profesores, correspondentes ás convocatorias de 2018 e 2019, consonte resolución da CGIACA.
- Dar a súa conformidade aos descontos especiais nas tarifas dos cursos de idiomas do Centro de Linguas, para os membros da Comunidade Alumni UVigo.
- Darse por informado do control e seguimento da aplicación do Regulamento de xestión do patrimonio da UVigo respecto de doazóns menores e correntes, e control e seguimento da Normativa de xestión e dispensas de pago de espazos universitarios.

- Aprobar a distribución de axudas correspondentes á convocatoria aberta de Prácticums 2021, promovida dende o Consello Social para fomentar prácticas preprofesionais.
- Aprobar o apoio ao Observatorio de Persoas Tituladas da Universidade de Vigo en 2021.
- Aprobar a elaboración do Barómetro para analizar as expectativas, comportamentos e competencias que buscan os empregadores para contratar.
- Aprobar o plan de colaboración do Consello Social co Campus de Pontevedra para 2021.
- Apojar a Memoria anual de Responsabilidade Social da Universidade de Vigo.
- Darse por informado do calendario e procedemento para a aprobación de verificación e modificación de títulos de Grao, Máster e Doutoramento para o curso 2022/2023.
- Darse por informado dos convenios asinados pola UVigo en decembro de 2020 e xaneiro e febreiro de 2021.

PLENO DO 3 DE XUÑO:

- Aprobar os prezos dos complexos residenciais da Universidade de Vigo no curso 2021/2022.
- Aprobar os prezos públicos para o Campus Camp 2021, nos tres campus.
- Aprobar a incorporación de remanente libre para estadias investigadoras.
- Aprobar a participación da Universidade de Vigo no Consorcio Centro de investigación e tecnoloxía matemática de Galicia (CITMAga).
- Ratificar o informe favorable sobre a modificación parcial da Relación de Postos de Traballo (RPT) do PAS laboral da Universidade de Vigo.
- Aprobar o acordo para a participación na produción e entrega de material impreso de acollida ao alumnado da Universidade de Vigo para o curso 2021/2022, en colaboración coa Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais.
- Informar favorablemente sobre o Decreto polo que se fixan os prezos públicos do SUG para o curso académico 2021/2022.
- Aprobar os prezos dos cursos de Extensión Universitaria previstos nos tres campus.
- Darse por informado sobre as declaracións de interese de novas titulacións e modificación de titulacións de Grao, Máster e Doutoramento para o curso 2022/2023.

- Darse por informado sobre a creación dos novos centros da Facultade de Dirección e Xestión Pública, da Facultade de Deseño e da Facultade de Relacións Internacionais.
- Darse por informado sobre o novo regulamento dos programas de formación permanente e títulos propios da Universidade de Vigo.
- Ratificar o informe favorable sobre a creación do Centro interuniversitario ECOBAS.
- Aprobado a incorporación da Universidade de Vigo á agrupación sen ánimo de lucro SIGMA-AIE.
- Darse por informado da delegación no presidente do Consello Social para a aprobación inicial das bolsas-colaboración adxudicadas polo Ministerio de Educación á Universidade de Vigo, para o curso 2021/2022.
- Aprobado a proposta de distribución inicial das 53 bolsas-colaboración asignadas á Universidade de Vigo polo Ministerio de Educación e Formación Profesional, para o curso 2021/2022. Así mesmo, apróbase a seguinte relación priorizada para o suposto dunha eventual insuficiencia de candidatos para as bolsas anteriormente asignadas.
- Darse por informado dos convenios asinados pola Universidade de Vigo nos meses de marzo e abril.

PLENO DO 29 DE XUÑO:

- Aprobado a liquidación do orzamento da UVigo correspondente a 2020. Informe de auditoría e Memorando de recomendacións.
- Aprobado as contas anuais de 2020 e informe de auditoría da Fundación Universidade de Vigo (FUVI).
- Aprobado as contas anuais de 2020 e informe de auditoría de Cidade Universitaria, S.A. (CUSA).
- Aprobado as contas anuais de 2020 e informe de auditoría da Cidade Tecnolóxica de Vigo (CITEXVI).
- Aprobado a colaboración coa Fundación Universidade de Vigo (FUVI), para o exercicio 2021, dirixida a orientar e facilitar o achegamento do estudantado ao mercado laboral e á empregabilidade.
- Aprobado os prezos públicos aplicables na UVigo para o curso 2021/2022, por servizos académicos e servizos administrativos para titulacións, programa de maiores e alumnado visitante.
- Darse por informado da recepción e análise do informe de auditoría operativa sobre “Aportación do Consorcio interuniversitario do SUG (CISUG) á centralización de compras e servizos común ás tres universidades (limpeza,

seguridade, material de oficina, enerxía, software...) e cuantificación do posible aforro de custos”.

- Dar a súa conformidade á contratación da realización dun informe de auditoría externa e memorando de recomendacións das contas de UVigo (exercicio 2021 e seguintes).
- Autorizar as incorporacións de crédito con cargo ao remanente de libre disposición do exercicio 2020 solicitadas.
- Darse por informado dos convenios con dotación económica asinados pola UVigo en maio de 2021.
- Dar a súa conformidade ao informe sobre a aplicación e aproveitamento das recomendacións da auditoría operativa sobre “Análise da relación entre as spin off e a UVigo, para buscar ferramentas que melloren a medio prazo a posición das spin off no mercado”.
- Dar a súa conformidade ás Memorias de actividades do Consello Social correspondentes a 2019 e 2020.

PLENO DO 29 DE XULLO:

- Darse por informado da aplicación e aproveitamento do informe de auditoría operativa sobre “Aportación do Consorcio interuniversitario do SUG (CISUG) á centralización de compras e servizos común ás tres universidades, e cuantificación do posible aforro de custos”.
- Aprobar unha aportación para o novo proxecto “Dixital PontUp”, un espazo virtual interactivo para organizar unha programación propia de eventos e actividades relacionadas co emprendemento.
- Aprobar a realización dun estudo, por propia iniciativa, para medir o impacto e o retorno económico e social da UVigo no seu conxunto e en cada un dos tres Campus por separado.
- Aprobar a proposta dos prezos públicos dos Obradoiros que desenvolverá a UVigo no curso 2021/2022 nos Campus de Ourense, Pontevedra e Vigo.
- Aprobar as tarifas por actividades deportivas correspondentes ao 2021.
- Aprobar as taxas e Memorias finais de títulos propios. Últimas propostas avaliadas consonte o Regulamento de títulos propios de Posgrao e outros cursos da UVigo, vixente dende outubro de 2005, que pasa a ser substituído polo Regulamento dos programas de formación permanente da UVigo.
- Informar favorablemente sobre as propostas de verificación e modificación de títulos de Grao, Mestrado e Doutoramento, para o curso 2022/2023 da Universidade de Vigo.

- Informar favorablemente sobre a creación dos novos centros: Facultade de Dirección e Xestión Pública, Facultade de Deseño e Facultade de Relacións Internacionais.
- Darse por informado dos convenios asinados pola UVigo en xuño de 2021.

PLENO DO 23 DE SETEMBRO:

- Aprobar os prezos e taxas dos títulos propios da UVigo para o curso 2021/2022.
- Aprobar unha proposta de modificación dos prezos públicos aplicables ao persoal investigador visitante.
- Aprobar a participación do Consello Social na convocatoria “Ourense Rural”, para o curso 2021/2022.
- Darse por informado sobre os datos de matrícula do curso 2021/2022, evolución, comparativas e reflexións, da vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria.
- Aprobar as propostas para a composición das Comisións permanentes do Consello Social, e a designación de representantes do Consello Social no Consello de Goberno e nas súas comisións delegadas, na Comisión de Igualdade e na Mesa de Contratación.
- Darse por informado dos convenios asinados pola Universidade de Vigo nos meses de xullo e agosto de 2021.

PLENO DO 3 DE NOVEMBRO:

- Aprobar a edición dixital do “Estudo sobre o impacto laboral da segunda onda da pandemia da COVID-19 nas persoas tituladas da UVigo”, co apoio do propio Consello.
- Acordar a asignación de complementos a profesores, correspondentes á convocatoria de 2020, polo labor docente e investigador, pola excelencia curricular docente e investigadora e polos cargos de xestión, consonte resolución da ACSUG.
- Dar a súa conformidade á Oferta de emprego público de persoal docente e investigador (PDI) da UVigo para o ano 2021.
- Informar favorablemente sobre o acordo de funcionarización do persoal laboral fixo de administración e servizos da Universidade de Vigo e da relación de postos de traballo (RPT) derivada do mesmo.
- Aprobar a convocatoria de axudas a Prácticums para o ano 2022, e da dotación económica correspondente para a súa realización.
- Informar favorablemente sobre as propostas de verificación de títulos de Grao e Mestrado, para o curso 2022/2023 da Universidade de Vigo.

- Informar favorablemente a creación do Centro de Investigación para Paisaxes Atlánticas Culturais (CISPAC).
- Aprobar a reasignación definitiva das bolsas-colaboración adxudicadas á UVigo polo Ministerio de Educación, para o curso 2021/2022.
- Darse por informado dos convenios asinados pola Universidade de Vigo no mes de setembro de 2021.

PLENO DO 28 DE DECEMBRO:

- Aprobar os prezos de cursos de títulos propios, consonte petición da directora da Escola Aberta de Formación Permanente.
- Aprobar os prezos e as memorias finais de cursos de títulos propios, iniciados antes da aprobación do novo regulamento de programas de formación e da posta en marcha da Escola Aberta de Formación Permanente.
- Informar favorablemente sobre o teito de gasto anual da UVigo para o exercicio orzamentario de 2022.
- Aprobar a proposta de orzamento da UVigo para o exercicio de 2022.
- Informar favorablemente sobre a Oferta de emprego público do PAS da Universidade de Vigo para o ano 2021.
- Aprobar a cesión temporal de equipos para investigación ao Grupo COM da Universidade de Vigo.
- Aprobar o Orzamento do Consello Social para o exercicio 2022.
- Darse por informado sobre o Calendario e procedemento para a aprobación de verificación e modificación de títulos de Grao, Máster e Doutoramento para o curso 2023/2024.
- Informar favorablemente sobre a denuncia do convenio de adscrición do IESIDE (Instituto Superior Intercontinental) á Universidade de Vigo.
- Darse por informado dos convenios asinados pola Universidade de Vigo nos meses de outubro e novembro de 2021.
- Aprobar as liñas xerais do Plan de actuacións a desenvolver polo Consello Social en 2022.

d.2. Por parte da Comisión Executiva

Ao longo do ano 2021 reuniuse en unha ocasión e adoptou os seguintes acordos:

- Darse por informada sobre o nivel de transparencia da UVigo en 2019, e a aportación do Consello Social.
- Darse por informada sobre o novo regulamento dos programas de formación permanente da UVigo.
- Aprobar a proposta dos prezos dos complexos residenciais da UVigo para estudantes, no curso 2021/2022.
- Aprobar os prezos públicos para o Campus Camp 2021, previstos nos tres Campus entre o 23 de xuño e o comezo do curso escolar en Educación primaria.
- Aprobar, para informe ao Pleno, a incorporación de remanente libre para estadias investigadoras, a incorporación da UVigo á agrupación sen ánimo de lucro “SIGMA-AIE”, a participación da UVigo no Consorcio Centro de investigación e tecnoloxía matemática de Galicia (CITMAga), a creación do Centro interuniversitario ECOBAS, e a modificación parcial da Relación de Postos de Traballo (RPT) do PAS laboral da UVigo.

d.3. Por parte da Comisión Económica

Reuniuse, ao longo do ano 2021, en tres ocasións. As sesións celebráronse o 25 de febreiro, o 23 de xuño e o 20 de decembro e nelas se tomaron os seguintes acordos:

- Informar favorablemente ao Pleno da liquidación do orzamento de ingresos e gastos da Universidade de Vigo. Carta de avance de auditoría.
- Informar favorablemente a aprobación definitiva e dar conta ao Pleno, para a participación da Universidade de Vigo no capital social da Spin-off “Unmanned Galicia, S.L.”.
- Dar a súa conformidade ao informe de auditoría operativa “Análise da relación entre as spin off e a universidade, para buscar ferramentas que melloren a posición das spin off no mercado a medio prazo”.
- Autorizar a asignación de retribucións adicionais ao persoal docente e investigador correspondentes ás convocatorias de 2018 e 2019, como complementos por cargos de xestión, polo labor docente e investigador e pola excelencia curricular docente e investigadora.
- Aprobar a proposta de descontos especiais nas tarifas dos cursos de idiomas do Centro de Linguas.
- Darse por informada do control e seguimento da aplicación do regulamento de xestión do patrimonio da UVigo. Informe ao Consello Social sobre as doazóns menores e correntes.
- Darse por informada do control e seguimento da aplicación da normativa de xestión de espazos universitarios. Informe ao Consello Social sobre as dispensas de pago concedidas pola Xerencia.
- Darse por informada dos convenios asinados pola Universidade de Vigo nos meses de decembro de 2020 e xaneiro de 2021, e dar conta ao Pleno.
- Aprobar a incorporación de remanentes para satisfacer as obrigas dos expedientes E5-20 e E6-20 e do Proxecto T949.
- Informar favorablemente ao Pleno da conta de liquidación do orzamento da UVigo correspondente ao exercicio 2020. Informe de auditoría e memorando de recomendacións.
- Elevar informe favorable, para aprobación do Pleno, das contas anuais e do informe de auditoría da Fundación Universidade de Vigo (FUVI), de 2020.
- Elevar informe favorable, para aprobación do Pleno, das contas anuais e do informe de auditoría de Cidade Universitaria (CUSA), de 2020.

- Elevar informe favorable, para aprobación do Pleno, das contas anuais e do informe de auditoría da Cidade Tecnolóxica de Vigo (CITEXVI), de 2020.
- Informar favorablemente sobre a proposta de convenio de colaboración coa Fundación Universidade de Vigo para o exercicio 2021, dirixido a orientar e facilitar o achegamento dos estudantes ao mercado laboral e á empregabilidade.
- Informar favorablemente ao Pleno, a incorporación con cargo ao remanente de libre disposición do exercicio 2020 correspondente á UVigo.
- Informar favorablemente a aprobación dos prezos públicos previstos na UVigo por servizos académicos e servizos administrativos para titulacións, Programa de Maiores e alumnado visitante, para o curso 2021/2022.
- Darse por informada sobre o informe de auditoría operativa sobre “Aportación do Consorcio interuniversitario do SUG (CISUG) á centralización de compras e servizos común ás tres universidades (limpeza, seguridade, material de oficina, enerxía, software....) e cuantificación do posible aforro de custos”.
- Informar favorablemente a contratación da realización dun informe de auditoría externa e memorando de recomendacións das contas de UVigo (exercicio 2021 e seguintes). Valoración do prego de prescricións e de posibles novas prestacións ou melloras”.
- Darse por informada dos convenios asinados pola UVigo en maio de 2021, e dar conta ao Pleno.
- Informar favorablemente ao Pleno, sobre o teito de gasto anual da Universidade de Vigo para o exercicio orzamentario de 2022, consonte o disposto no Real Decreto 14/2012, do 20 de abril.
- Informar favorablemente ao Pleno, sobre a proposta de orzamento da UVigo para o exercicio de 2022.
- Darse por informada sobre a proposta de eliminación do prezo público por anulación de matrícula en titulacións oficiais da UVigo.
- Aprobar o avance do orzamento do Consello Social para o exercicio 2022.
- Dar a súa conformidade á Oferta de Emprego Público do Persoal de Administración e Servizos da UVigo para o ano 2021.
- Darse por informada do seguimento, aplicación e aproveitamento das recomendacións das auditorías operativas sobre “Aportación do Consorcio interuniversitario do SUG a compras e servizos comúns ás tres universidades” e “Análise da relación entre as spin-off e a UVigo, para buscar ferramentas que melloren a medio prazo a posición das spin-off no mercado”.
- Informar favorablemente da cesión temporal de equipos para investigación ao grupo COM da Universidade de Vigo.
- Darse por informada sobre os convenios asinados pola UVigo en outubro e novembro de 2021, e dar conta ao Pleno.

d.4. Por parte da Comisión Actividades e Servizos

A Comisión de Actividades e Servizos reuniuse no ano 2021 en tres ocasións, o 19 de febreiro, o 30 de abril e o 4 de outubro. Nesas reunións tomáronse os seguintes acordos:

- Aprobar propoñer ao Pleno a distribución de axudas previstas na convocatoria aberta de Prácticums que promove o Consello Social.
- Propoñer ao Pleno unha aportación para o ano 2021, para as actividades do Observatorio de Persoas Tituladas da UVigo.
- Aprobar, para elevación ao Pleno, unha axuda para a elaboración dun Barómetro da UVigo dende a perspectiva dos empregadores, analizar as expectativas, os comportamentos sobre contratación e as competencias que buscan nos candidatos.
- Aprobar, para elevación ao Pleno, unha proposta de axuda para a colaboración do Consello Social coa Vicerreitoría do Campus de Pontevedra, para desenvolver iniciativas culturais, de innovación, ambientais e de achegamento dos investigadores ás empresas.
- Aprobar unha colaboración coa Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais de Vigo para a organización da terceira edición do Foro de Emprego.
- Aprobar unha axuda ao equipo de investigación Ephyslab da UVigo, para a realización dun vídeo sobre a medición do ozono, que será proxectado en foros científicos de gran audiencia e servirá para práctica de laboratorio a nivel de secundaria e de universidade.
- Aprobar a renovación da asignación para o mantemento e a actualización de contidos da páxina web do Consello Social en 2021.
- Aprobar unha aportación para a presentación, pola área de captación de alumnado, da exposición “Eu son UVigo!” nos institutos de Galicia.
- Conceder unha axuda á Delegación de alumnos da Escola de Enxeñaría Industrial, para as actividades formativas e saudables conmemorativas do día do Patrón.
- Aprobar unha achega á Asociación estudiantil intercentros UVigo SpaceLab, para o proxecto de deseño, fabricación, posta en órbita e operación de pequenos satélites.
- Aprobar a dotación do “Premio de innovación social”, dentro do evento “Hackathon Virtual (HAVI2021)”.

- Aprobar unha axuda para a organización da IV Olimpíada galega de Historia “Fai Historia con nós”, a celebrar no Campus de Ourense.
- Aprobar a participación na produción e distribución de material de acollida ao alumnado da Universidade de Vigo no curso académico 2021/2022, en colaboración coa Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais.
- Aprobar unha aportación para a organización e difusión do congreso “Violencia sexual: antecedentes romanos e regulación actual”, aberto a alumnado e colectivos sociais.
- Aprobar, por se fose preciso por imponderables nos prazos, a delegación no presidente do Consello Social da distribución previa das bolsas-colaboración asignadas polo Ministerio de Educación á UVigo para o curso 2021/2022, debendo dar conta na primeira reunión que se convoque.
- Aprobar unha aportación para executar o programa eDestrezas en 2022, promovido dende a Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria, para fomentar as competencias dixitais do alumnado, PDI e PAS da UVigo.
- Aprobar unha aportación e a participación do Consello Social nas xornadas “sODStendo o planeta. Semana da axenda 2030 na UVigo”, e o patrocinio do Premio Consello Social_UVigoHumana.
- Conceder unha axuda para a organización do “Evento IN”, un programa de actividades e propostas sobre a diversidade, auspiciado polo alumnado.
- Aprobar unha axuda para colaborar na décima edición de EDUGAL (Salón de educación e formación de Galicia), previsto en Pontevedra.
- Conceder unha axuda para o IX Ciclo de conferencias de Dereito Concursal, a desenvolver no Campus de Ourense.
- Aprobar unha axuda para a actividade “Cóntancho as matemáticas”, dirixida a estimular vocacións matemáticas entre estudantes de Educación Primaria, fomentar unha maior incorporación das mulleres á carreira científica matemática, e orientar a aprendizaxe das matemática ás aplicacións na vida cotiá que amosen as matemáticas como unha achega comprensible, divertida e atractiva.

e. Evaluación do desempeño

A Conferencia de Consejos Sociales das universidades españolas cumpríu 17 anos o 18 de marzo de 2021. O Consello Social da UVigo foi un dos sete asinantes da acta fundacional, nun acto celebrado en Las Palmas e que fraguou a estrutura do que é hoxe a CCS. Co gallo desta conmemoración, que tentamos que teña reflexo nas actividades de 2022, o plan de actuacións mantén o modelo que –con algún axustes e actualizacións necesarias, sobre todo se se enmarcan na situación de crise que se está a vivir, e na extensión da celebración do Ano Xacobeo- estase a desenvolver nos últimos anos, mantendo as grandes liñas que se aliñan perfectamente cos obxectivos deste Consello. Algunhas das iniciativas reproducense de programas anteriores, xa que estando previstas non se puideron levar a cabo polas limitacións impostas pola COVID-19.

Entre as moitas competencias e cometidos, en liñas xerais, os Consellos Sociais teñen como misión prioritaria implicar á sociedade nas iniciativas das universidades, e promover un maior coñecemento e aproveitamento mutuo, unha maior implicación recíproca e mais confianza, habendo certo consenso xeral en transmitir mensaxes de fondo sobre a necesidade de fomentar a sensibilización social e a implicación activa dos axentes sociais na educación superior. Tamén sobre a necesidade de fortalecer a relación universidade-empresa, tanto no ámbito da formación como en I+D+i. Unha terceira liña mestra a andar é a empregabilidade dos egresados, con ofertas e planos de estudo adaptados á demanda real e nos que se potencie a transversalidade de coñecementos e das capacidades e competencias profesionais. E, en cuarto lugar, colaborar no impulso á internacionalización e á transformación dixital da universidade, para mellorar a súa competitividade na sociedade do coñecemento.

En calquera caso, ben certo é que o maior volume de actividades de todos os Consellos Sociais sitúase nunha gran zona compartida, propiciada por un compromiso co entorno como espazo clave e aglutinador de toda a actividade da universidade. Consecuentemente, os Consellos Sociais orientan a maior parte dos seus afáns en dar resposta ás necesidades de proximidade. Aí reside o seu principal obxectivo, pero tamén a licenza para atender as especificidades territoriais que a veces tanto os diferencian nas súas respectivas traxectorias e nos seus cometidos. Un bo exemplo no noso caso sería o avance na especialización dos tres Campus, a atención ao alumnado e á súa formación, e ao mecenado.

e.1. Liñas xerais de actuación: estudantado, mecenado e acción social

No caso do Consello Social da UVigo, e como xa ven sendo unha prioridade permanente ano tras ano, a súa actividade seguirá a ter unha marcada conectividade e atención ao alumnado, preferentemente ao que empeza e ao que remata os estudos. Anualmente, o Consello Social dedicou a estes obxectivos boa parte dos máis de 200 mil euros concedidos por distintas vías para diferentes iniciativas e actividades, dende titorías de acollida ata as diferentes iniciativas de achegamento ao mercado laboral, e tendo sempre presente favorecer as propostas orientadas a dotar de habilidades e completar -incluso fóra das aulas- a formación científica, cultural e humanística dos estudantes, facilitando a extensión dos coñecementos na medida do posible ao conxunto da sociedade. As iniciativas de acollida e integración do estudantado que chega por primeira vez á universidade terán prioridade, non só porque o primeiro ano universitario é clave para reducir as cifras de abandono, tamén para que os novos estudantes atopen un entorno aberto, participativo e amigable dentro da Facultade que teñan elixido; que se sintan acompañados, que interveñan en actividades e que dispoñan dunha rede amable antes de crear a súa propia.

De novo o apoio ao estudantado (con independencia das partidas consignadas), dirixirase principalmente á adquisición de competencias, a promover a orientación e información de emprego, a internacionalización e mobilidade e a incorporación á empresa, e a facilitar as prácticas en titulacións de difícil acceso ao mercado preprofesional. Do mesmo xeito profundarase no traballo de enquisas, estudos e percepcións que amosen as expectativas e necesidades máis relevantes do tecido empresarial, así como o seguimento e interpretación dos resultados das prácticas. Na mesma liña impulsarase unha maior visibilidade da imaxe e das potencialidades da UVigo e a difusión da oferta formativa e as axudas á mobilidade, para a captación de estudantes.

E cobran un maior protagonismo os ex-alumnos e a súa implicación e retorno á institución. A través do Observatorio de persoas tituladas e da Comunidade Alumni, o Consello Social prestará unha atención preferente e constante a estimular a súa participación nas actividades e na formación dos alumnos actuais, así como a coñecer as circunstancias nas que desenvolven os coñecementos adquiridos durante a súa etapa de estudantes.

Unha gran segunda liña importante a desenvolver en 2022 forma tamén parte xa do ADN do Consello Social, dende 2014, será o mecenado, como obxectivo transversal para fomentar a colaboración da sociedade no financiamento do ensino, a captación de recursos externos e a eficiencia dos servizos que presta a universidade, entendendo que este é tamén unha fonte de acceso a máis recursos. Pese ao retraso dunha necesaria lei do mecenado, esta iniciativa tivo xa unha acollida natural nos obxectivos da Conferencia de Consellos Sociais de España, activando unha estratexia que se está a desenvolver en distintos niveis e na que o Consello Social da UVigo se consolida como elemento clave e recoñecido como referencia.

A terceira vertente sitúase na acción social dirixida ás persoas, aos cidadáns e á sociedade no seu conxunto, e na que os medios de comunicación serán esenciais.

Esta liña cobra especial relevancia na situación actual e deberá ser tida como unha referencia ao longo do exercicio, como elemento estimulador tanto do aprecio social pola universidade como da transferencia de coñecemento, entre outras posibilidades, dende facilitar espazos para a reflexión e o debate ata o achegamento a comportamentos e hábitos saudables. Son actos estes sustentados na indubidable autoridade do mundo universitario á hora de convocar e de formar, nos que se constrúe coñecemento novo, saberes que non se poden estudar nas aulas, formación que nos fará mellores a todos, para fraguar profesionais competentes... pero tamén cidadáns responsables, instruídos, capaces, solidarios, libres e comprometidos. Aquí teranse en conta tanto os egresados como os Alumni, os ex-membros do Consello Social como os profesionais en distintas ramas, os empresarios, os alumnos sénior, os investigadores ou os xornalistas, para crear unha rede de intereses compartidos.

e.2. Formulación práctica

O seguimento das enquisas de calidade sobre o profesorado e os servizos da universidade, a supervisión dos datos de abandono, o apoio á elaboración dun mapa da empregabilidade das titulacións universitarias para que os estudantes dispoñan de información contrastada antes de elixir a súa carreira, e a maior atención á dinámica universitaria en xeral continúan a ser outras propostas a destacar, xunto co seguimento dos índices de satisfacción que o alumnado, o PAS e os xa titulados teñen das titulacións da UVigo.

Implicar á sociedade no seu conxunto nas iniciativas da Universidade, estimular o compromiso e a confianza e promover un maior coñecemento mutuo son pois obxectivos básicos, así como avanzar nas relacións entre universidade, institucións, empresas, grupos sociais e medios de comunicación. Precisamente a comunicación seguirá a ser un elemento dinámico en toda a acción do Consello Social. Dende esta declaración de intencións, débémolle dar á universidade –e cada membro dende a súa posición- toda a axuda da que sexamos capaces. As universidades a precisan para facelas máis visibles, máis coñecidas e máis estimadas, para entender mellor a súa función, o seu funcionamento, os seus méritos, os seus resultados e a súa importancia, o que a bo seguro facilitará o acceso a máis recursos externos e maior apoio privado.

Neste afán daremos tamén protagonismo aos investigadores, un elemento de conexión favorable e atractivo para os medios e para a opinión pública en xeral, para que poidan comunicar e converterse en material informativo fluído, o que redundará nunha maior aproximación da universidade aos intereses da sociedade, e ao mesmo tempo na tan necesitada transferencia de coñecemento ao sector produtivo das economías locais. Nesta área propóranse iniciativas que van dende un ciclo itinerante de difusión científica para que a sociedade descubra os traballos que están a facer os investigadores da UVigo nos diferentes campos, ata convocatorias de estudantes preuniversitarios para que a través de mostras prácticas de representacións científico-técnicas coñezan mellor as súas preferencias de formación superior. Tendo en conta ademais a necesidade de organizar nos tres Campus sesións de comunicación para

investigadores, científicos e docentes que desexen acadar unha maior eficacia e dominio nas comparecencias profesionais ante os medios.

E invitaremos aos Consellos Sociais galegos a compartir iniciativas, como puideran ser unha serie de micro-espazos na televisión de divulgación científica que respondan de forma sinxela a cuestións complexas, para trasladar á cidadanía que a universidade é útil e competente, e está conectada coas necesidades da sociedade nas diferentes áreas de coñecemento, tendo como soportes ben a canle autonómica ou as redes sociais.

Finalmente, constatamos que a sociedade irrompe con forza na procura de coñecemento, e as universidades comezan a adecuar os seus programas as demandas da poboación adulta, que require formación nas etapas intermedias da súa vida laboral por necesidade profesional, ou accede a ela en idades superiores polo simple e puro pracer de saber. Así, os maiores de 30 anos teñen unha presenza crecente. Como Consello Social debemos anticipar ese futuro e estar atentos aos efectos que terá nas aulas universitarias a evolución demográfica e a formación durante toda a vida, nos modelos de ensinanza e os novos escenarios educativos que se presentan. Son tempos, pois, para a análise pendente de como afectará este cambio demográfico e de modelo formativo á relación universidade-sociedade, e á esencia mesma da institución universitaria. Un aspecto ao que tampouco debe ser allea a alerta e a toma de posición para dar resposta á novas profesións, un escenario ante o que a universidade deberá facer esforzos de adaptación para dar respostas axeitadas, rápidas e previsoras.

e.3. Xanelas de datos universitarios

Seguiranse a promover novas edicións de informes e estudos promovidos polo Consello Social durante este exercicio, que se atopan na fase de elaboración de conclusións e avaliación. Dous, principalmente: o primeiro enfócase en facer un estudo sobre a prospección de emprego, as necesidades formativas en competencias transversais e as liñas de colaboración con empresas; o segundo – mediante a análise dos estudantes e dos empregadores- propónse medir a posibilidade de atopar un emprego adecuado á preparación do alumnado, e mantelo. O traballo desenvólvese en tres etapas: o perfil e as circunstancias do estudantado que se matricula; a empregabilidade percibida polo alumnado de cuarto curso; e a percepción dos empregadores respecto das competencias que precisan e as que amosan os estudantes da UVigo que contratan.

Este apartado posibilita unha ampla escolla de traballos e pescudas de interese, dende a proxección dos datos de emprego e de paro dos titulados universitarios, ben por provincias, ben por titulacións ou por comparativas fronte a FP, ata cuantificar o impacto económico das actividades da UVigo e as súas aportacións en docencia, investigación, capital humano ou transferencia e transmisión do coñecemento científico-tecnolóxico. Entre os estudos de utilidade para medir a situación na que se atopa a universidade e en que pode mellorar no seu servizo á sociedade, contemplase tamén coñecer e poñer números á contribución da UVigo en xeración de coñecemento, de riqueza, emprego, impacto na renda do entorno e en estímulo da

actividade económica; ou mesmo para avaliar a formación regrada e non regrada, a cooperación co tecido empresarial, a actividade emprendedora, a capacidade que ten de innovar e a solidariedade.

e.4. Prioridades de actuación

Entre as posibles liñas a desenvolver, con maior ou menor dedicación, dependendo das alianzas posibles, das prioridades marcadas no plan de orzamentos da UVigo, e das propostas externas que se acheguen, inclúense as seguintes, en colaboración coas Vicerreitorías ou Servizos competentes, de ser o caso:

- Seguir a artellar o Observatorio de Persoas Tituladas da Universidades de Vigo para a creación dunha rede de antigo alumnado da Universidade.
- Contribuír a implantar na UVigo bolsas de desprazamento para o estudiantado empadroadado en concellos rurais e matriculado en estudos de Grao.
- Poñer en marcha, como parte de ALUMNI-UVIGO, un programa de mentorización do estudiantado.
- Promocionar a oferta académica de grao e posgrao da Universidade de Vigo estando presentes nas principais feiras, xornadas e eventos de orientación universitaria como Edugal, Findeu, PontUpStore, e as que teñan lugar en ámbitos de interese.
- Colaborar nas Portas abertas nos centros dos tres campus da Universidade de Vigo para abrírlles as portas ao futuro alumnado e ás familias, e facilitar que accedan a oferta formativa en cada centro da Universidade.
- Colaborar na organización de xornadas para orientadores/as dos centros de educación secundaria nos tres campus, e nos obradoiros de asesoramento dirixidos especificamente a equipos de orientación e a equipos directivos de centros de educación secundaria, co fin de dar a coñecer a oferta de titulacións da Universidade de Vigo e as súas saídas profesionais.
- Colaborar no patrocinio de obradoiros de programación para espertar vocacións científico-tecnolóxicas principalmente entre as mozas.
- Colaborar nas Xornadas de Benvida para o estudiantado de grao pertencente ao primeiro curso, coa edición das carpetas-guía e outras accións, como xeito de consolidar as tarefas previas de captación de alumnado, de forma que este alumnado acade un alto nivel inicial de satisfacción coa institución e poida reducirse no posible o abandono dos estudos ou o cambio a outras institucións universitarias.
- Incrementar o apoio ao programa de formación “eDestrezas” orientado a facilitar a dixitalización e avanzar na mellora das competencias tecnolóxicas da comunidade universitaria da Universidade de Vigo.
- Facer máis accesible a ciencia a través da divulgación científica.

- Contribuír a mellorar a posición da universidade nas clasificacións internacionais máis salientables, especialmente as de transparencia, responsabilidade social e bo goberno.
- Financiamento de actividades de difusión dos resultados de investigación e da creación artística, a través da organización de publicacións, congresos e reunións científicas e de exposicións, cunha especial referencia á calidade demostrable e á repercusión das actividades propostas.
- Implicación na previsión de poñer en marcha a Plataforma de Crowdfunding e Mecenazgo da Universidade de Vigo. Prospección conxunta, coa Vicerreitoría de Responsabilidade Social, de vías para crear “Aureana”, un ecosistema de fundraising e mecenado científico-social na UVigo, con perfil rural, transfronteirizo e achegado aos cidadáns.
- Apoio ao fomento da participación da UVigo en programas de ciencia participativa e solidaria, co foco en territorios do rural de Galicia e Norte de Portugal.
- *Responsabilidade Social Universitaria (RSU) e Cooperación para o Desenvolvemento (CUD)*. Tendo en conta que a UVigo é unha universidade inclusiva e aliñada á Axenda 2030, o Consello Social colaborará, no ano 2022, no deseño da Estratexia de Valor Compartido (RSU), que ten como obxectivo acadar un diálogo transparente cos diferentes grupos de interese para a produción e transferencia ética de coñecemento e a formación dunha cidadanía e profesionais responsables socialmente e críticos coa realidade.

